

NORMATIVA XERAL DE MATRICULACIÓN
Escolas Culturais Municipais
CURSO 2021/2022

LUGAR E DATAS DE MATRICULACIÓN

ESCOLAS CULTURAI

Do **5 de outubro até o 7 de outubro**, nas dependencias administrativas do Pavillón "A Xunqueira" de San Valentín. **Para poderse matricular é imprescindible solicitar cita previa os días 1 e 4 de outubro nos teléfonos 981 492 804 ou 607 626 812 entre as 8:30 e as 14:00.**

Solicitada a cita previa, procederáse á asignación de horarios de matrícula en base aos seguintes criterios:

- Días **5 e 6 de outubro**.- inscricións só residentes en Fene
- Días: **7**.- inscricións para a totalidade da poboación

Os horarios de matrícula asignaranse entre as 08:30 a 14:00 horas. **O mércores 6 de outubro** tamén en horario de tarde, de 16:00 a 19:00 horas.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR PARA ESCOLAS

Persoas que estiveron matriculadas nas Escolas durante o curso 2020/2021:

- Para quen domicilie:
 - Asinar a orde de domiciliación bancaria que lles facilitará a persoa encargada da matriculación.

Novas matriculacións:

- Fotocopia do caderno da Seguridade Social ou tarxeta sanitaria.
- Fotocopia do DNI ou libro de familia
- Para quen domicilie:
 - Asinar a orde de domiciliación bancaria que lles facilitará a persoa encargada da matriculación
 - Achegar calquera recibo do banco ou outro semellante no que consten todos os díxitos da conta.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR PARA MATRICULACIÓNS

Facilitar os datos persoais requiridos pola persoa encargada da matriculación, asinar a ficha de inscrición, unha vez confirmada a praza, efectuar o pagamento e achegar resguardo de pagar a cota establecida.

TARIFAS E PREZOS

ESCOLAS CULTURAI

| ACTIVIDADE | CATEGORÍA | PREZO |
|-----------------------------------|--------------------|---------|
| Piano e solfexo. TRES COTAS/CURSO | Menores | 16,80 € |
| | Adultos | 38,60 € |
| | Maiores de 65 anos | 30,90 € |

| | | |
|--|---------|---------|
| Guitarra (todos os niveis). TRES COTAS/CURSO | Menores | 16,80 € |
| | Adultos | 38,60 € |

Nota: As tarifas e prezos aquí expostos son os que están en vigor actualmente, á hora de realizar a inscrición na actividade, podendo sufrir modificacións durante o curso no caso de que houbera cambio na ordenanza nº 2 reguladora dos prezos pola prestación de servizos deportivos e culturais municipais

ABONO FAMILIAR

O **abono familiar** é unha modalidade de pagamento destinada a incentivar a participación dos membros da unidade familiar nas escolas municipais así como na adquisición do bono deporte.

Terá a consideración de abonado familiar o pai, nai, titor ou titora que poderá incluír no seu abono ao cónxuxe e fillos menores de 18 anos, ou maiores en situación de paro sempre nun número mínimo de dous membros (pai, nai, titor/a e fillo/a) e/ou actividades municipais.

As cotas para os abonados familiares hanse determinar aplicando unha **redución do 20% da cota a partir da segunda actividade en que se matricule ou a partir do segundo membro da unidade familiar que o faga**. A redución do 20% non se aplicará á actividade que teña a tarifa máis elevada de entre as que se matriculen os membros da unidade familiar.

No suposto de baixa na actividade con carácter previo á prestación da mesma, procederá a devolución das cotas pagadas, previa solicitude do suxeito pasivo e informe do departamento de cultura e deportes, achegando para o efecto a documentación xustificativa (xustificante de pagamento e designación de conta bancaria).

No caso de que por motivos excepcionais sexa necesario interromper o normal funcionamento das escolas ou cursos, a Xunta de Goberno Local ou o alcalde estarán facultados para acordar o rateo da cota a aplicar no período impositivo afectado.

RENOVACIÓNS, ALTAS E BAIXAS

Durante o curso só se admitirán novas matriculacións nas escolas culturais sempre que haxa prazas libres ou se produzan baixas na escola en cuestión e as altas non interfiran o normal funcionamento do grupo de traballo. No caso de que procedan as altas, o número de novas matriculacións será igual ao de baixas na actividade.

ESCOLAS CULTURAIS

- As altas ou novas matriculacións hanse tramitar nas dependencias administrativas do Pavillón "A Xunqueira" de San Valentín de luns a venres na **derradeira semana de cada mes**.
- As baixas hanse tramitar segundo o establecido na Ordenanza fiscal nº 2 do Concello de Fene.
 - Escrito de baixa presentado polo usuario ou representante legal do mesmo a través do Rexistro Municipal (1º andar, Casa do Concello), antes das datas sinaladas nas ordes de domiciliación asinadas polos usuarios/as

DURACIÓN DO CURSO

ESCOLAS CULTURAIS

- Do luns 18 de outubro de 2021 ao 31 de maio de 2022. A incorporación farase no primeiro día fixado para cada actividade.

ESCOLAS CULTURAIS

ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA

PRÁCTICA INSTRUMENTAL: SOLFEXO-PIANO E GUITARRA

ALUMNADO (IDADES)

Nenos/as a partir de CINCO anos e poboación en xeral.

Na escola de piano-solfexo, as aulas de solfexo organízanse en función do nivel/idade, e van ter lugar os días e horas que se indican no cadro. Os horarios de práctica instrumental (piano) por alumno/a hase escoller no momento de efectuar a matriculación. A escolla farase por rigorosa orde de inscrición, e segundo as franxas horarias establecidos no cadro de horarios (1 alumno/a por franxa horaria. Unha hora de práctica instrumental á semana).

AULAS E GRUPOS

Solfexo-piano

| Nivel | Horas/ semana | Grupos | Prazas | Horario |
|-----------------|------------------|--------|--------|--|
| Todos os niveis | 44 | 2 | 40 | O horario de piano escóllese, por orde de inscrición, á hora de facer a matriculación. |

CADRO DE FRANXAS HORARIAS DE PIANO E HORARIOS SOLFEXO A ESCOLLER DÍA E HORA DE PIANO NO NOMENTO DE EFECTUAR A MATRICULACIÓN. AS HORAS VANSE CUBRINDO POR RIGOROSA ORDE DE INSCRICIÓN.

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|--------------------|------|---|---|---|--------------------|
| 15:00 a 16:00 h | | | | | |
| 16:00 a 17:00 h | | | | | |
| 17:00 a 18:00 h | | | | | |
| 18:00 a 19:00 h | | SOLFEXO INICIACIÓN. NIVEL 1 Alumnos/as pequenos/as 5 a 9 anos) que comezaron o curso 2020/2021 ou de nova matriculación) | | | SOLFEXO ADULTOS |
| 19:00 a 20:00 h | | | SOLFEXO. NIVEL 2. AVANZADO Alumnos/as a partir de 9 anos que xa estiveron matriculados/as en | SOLFEXO. NIVEL 3 Alumnos/as que levan na escola un mínimo de 2 cursos. De 12 | |

| | | | | | |
|-----------------|--|--|--|-----------------|--|
| | | | cursos anteriores e/ou que teñen algún coñecemento musical | anos en diante. | |
| 20:00 a 21:00 h | | | | | |
| 21:00 a 22:00 h | | | XXXXXXXXXXXX | | |

Sábados

| | |
|------------------|--|
| 9:00 a 10:00 h | |
| 10:00 a 11:00 h | |
| 11:00 a 12:00 h | |
| 12:00 a 13:00 h. | |
| 13:00 a 14:00 h | |

Monitor/a 1 (piano)

- Luns, martes e venres de 15 a 22 horas, na Escola da Fonte do Campo.

Monitor/a 2 (piano)

- Luns, de 16 a 21 h. (Casa da Cultura, 3º andar)
- Mércores, de 15 a 21 h. (Escola da Fonte do Campo)
- Xoves, de 15 a 22 h (Escola da Fonte do Campo)
- Sábados, de 9 a 14 h (Escola da Fonte do Campo)

As aulas de Solfexo son sempre na Escola da Fonte do Campo

Guitarra

| Nivel | Horas/semana | Grupos | Prazas | Horario |
|------------------|--------------|--------|--------|------------------------------------|
| Iniciación | 2 | 1 | 8 | Martes e venres de 16:30 a 17:30 h |
| Perfeccionamento | 2 | 1 | 8 | Luns e xoves de 17:30 a 18:30 h |
| Perfeccionamento | 2 | 1 | 8 | Luns e xoves de 16:30 a 17:30 h |

INSTALACIÓNS:

Casa da Cultura (solfexo, piano e guitarra)

OBSERVACIÓNS XERAIS

1. Os datos recibidos serán empregados unicamente para fins relacionados co Concello de Fene e en todo momento respectarase o que sinala a lexislación vixente en materia de protección de datos.
2. As prazas hanse cubrir por rigorosa orde de inscrición.
3. As persoas que se matriculan nas actividades, ao formalizar a súa inscrición, declaran estar en condición física axeitada para participar no desenvolvemento da actividade escollida.

4. Co fin de lograr a efectiva difusión destas actividades para vindeiras convocatorias e co obxectivo de garantir a transparencia, a eficacia e a eficiencia na organización e xestión pública (artigo 2.b da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega), de proporcionar e difundir información constante, veraz, obxectiva e clara sobre a actuación do sector público (2.c), recolleranse experiencias e mesmo obteranse fotografías das instalacións e das persoas participantes que poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como na páxina web <http://www.fene.gal>, na da propia actividade e nas memorias de *Escolas culturais municipais*. Para estes efectos, a inscrición na escola/obradoiro/cursiño implica a autorización para a obtención e publicación destas imaxes. No caso de non autorizar, deberá manifestalo expresamente e por escrito.
5. As actividades só se realizarán de cubrirse o 60 % do número de prazas ofertadas.
6. As Escolas que entren en funcionamento no curso 2021/2022, en base á matriculación rexistrada, faranse públicas no taboleiro do pavillón polideportivo da Xunqueira e na páxina web: <http://www.fene.gal> o día 13 de outubro.
7. A incorporación do alumnado ás Escolas Culturais a partir do 18 de outubro. En todos os casos, no día da semana, hora e instalación fixada para cada escola ou obradoiro.
8. O Departamento de Cultura poderá modificar; por razóns técnicas e organizativas, os horarios, instalacións, monitorado, cambios de quenda, etc., que se consideren necesarias. Estas modificacións tamén poderán realizarse ao longo do curso escolar.
9. As Escolas Culturais interromperán o seu funcionamento nas datas sinaladas nos calendarios oficiais como festas ou vacacións escolares/municipais.
10. No caso de que nunha Escola non haxa matrícula de abondo como para que entre en funcionamento, as persoas interesadas poderán trasladar a súa inscrición para outra Escola, da mesma ou de diferente modalidade.
11. O seguro para os/as usuarios das Escolas é de responsabilidade civil (póliza xeral do concello) polo tanto, non cobre a asistencia sanitaria.
12. No caso de que a Concellería de Cultura detecte falsidade nos datos proporcionados polo/a solicitante, o alumno/a causará baixa automaticamente, sen dereito a devolución das taxas públicas pagadas.
13. O recibo do pagamento ou o carné será o documento obrigatorio de presentación para a entrada nas instalacións municipais para a asistencia aos cursos.
14. Calquera **notificación** do Departamento de Cultura e Ensino: vacacións, suspensión de clases, renovacións,... realizarase a través da páxina web do Concello de Fene: www.fene.gal.
15. Calquera dúbida con respecto ás escolas municipais poderá consultarse nos teléfonos das dependencias administrativas: 981.34.03.66 (Cultura) - 981.49.28.04 (Pavillón de San Valentín). Tamén poderá descargarse dende a páxina web www.fene.gal información máis detallada sobre as características dos cursos e escolas, así como sobre o uso de determinadas instalacións.
16. A matrícula en calquera das actividades municipais promovidas no curso 2021/2022 supón a aceptación desta normativa.

ORGANIZA:
Concello de Fene
Concellería de Cultura